IES SÁNCHEZ CANTÓN
PONTEVEDRA

LINGUA GALEGA E LITERATURA

1º ESO

CURSO 2012-2013

I.- ALFABETO

1.- Os nomes das letras teñen xénero masculino: *o gue, o que, o xe, o zeta…*

Os *dígrafos* representan un único son: o *che,* o *gue u,* o *elle,* o *ene hache,* o *que u,* o *erre dobre*.

2.- **k, w, j, y, ç** (*ka, uve dobre, iota, y grego, cedilla*) só se usan en palabras tomadas doutros idiomas: *kantiano, byroniano, wagneriano, Jefferson, Eça de Quiroz*

Obsérvese: *quilo*, *quilómetro*, *quilovatio*. (Abreviaturas con *k*)

3.- Exemplos de uso do **h**: *Helena, Henrique, Heladio, hendecasílabo, hedra, hipocrisía, harmonía* (compostos e derivados dos anteriores)

Mais: *arpa*, *orfo, oso, oco, irmán, inchar, ermida, ombreiro, baía, aí.*

4.- Exemplos de uso do **v/b**:

- *baleiro, orballo, bolboreta, móbil, marabilla. pobo, goberno*... (compostos e derivados dos anteriores)
- *avó, avogado, voda, varrer, vasoira, ouvear, esvarar, pavillón, gravar, gravata, vulto, verniz, verza, covarde, esvelto, voitre*

5.- **nh** representa unha consoante nasal velar. Debe manterse unida no final de liña.

6.- **g+a,o,u gu+i,e (gü)** Para a representar a gheada: *gh*

7.- Uso do **X**: *exame, extensión, léxico, téxtil, tórax*…

Obsérvese: *escavadora, estender (extensión), estrañar, estraño, estranxeiro esaxeración, esaxerar, esixir, esixente*. (*oxíxeno*)

II.- ACENTO ORTOGRÁFICO

1.- **Agudas**. Ex. : *chofer, chinés*

Acentúanse as polisílabas rematadas en **-vogal (+n,s,ns):** algúns, cafés, mamá, refén

Mais non levan acento gráfico:

a) *Monosílabos*: *leis, el, ti*.

b) As rematadas en *ditongo decrecente* (*+n,s*): *papeis, colleu, amei, tomou, pediu, azuis*.

c) As rematadas noutra consoante que non sexa *-n ou -s*: *cantar, nariz, arroz*.

2.- **Graves**. Ex. : *atmosfera, biosfera, heroe*

Levan acento gráfico cando rematan en consoante diferente de **n, s**, ou en grupos consonánticos distintos de **-ns:** *álbum, móbil, mísil, réptil, Félix, tríceps, carácter*. (Tamén se acentúan as que teñen ditongo decrecente na última sílaba: *amábeis)*.

Polo tanto: *cantan, cantas, lapis, canons, colons, dolmens*.

3.- **Esdrúxulas**.

Todas levan acento gráfico: *mágoa, bárbaro, tépedo, xílgaro, térmite*.

4.- **i, u** en hiato.

Independentemente das regras anteriores, levan acento gráfico as vogais *i, u* tónicas cando van inmediatamente antes ou despois dunha vogal átona, para indicar que ámbalas vogais non forman ditongo: *aínda, baúl, caída, egoísmo, miúdo, raíña, raíz, ruído, saía, súa, traía, túa, xuízo*...

5.- **Estranxeirismos e latinismos**: seguen as normas anteriores.

6.- Acentos **diacríticos.**

á (a+a, ala) / **a**
ás (a+as, alas) / **as**
bóla (esfera) / **bola** (de pan)
cá (ca+a) / **ca**
cás (ca+as) / **cas**
chá (plana) /**cha** (che+a)
chás (planas) / **chas** (che+as)
có (ca+o) / **co** (con+o)
cós (ca+os) / **cos** (con+os)
cómpre (é necesario) / **compre** (verbo *comprar*)
cómpren (son necesarios) / **compren** (verbo *comprar*)
dá (verbo *dar*) / **da** (de+a)
dás (verbo *dar*) / **das** (de+as)
dó (compaixón) / **do** (de+o)
é (verbo ser) / **e** (conxunción)
fóra (adverbio) / **fora** (verbo)
má (mala) / **ma** (me+a)
más (malas) / **mas** (me+as)
máis (adv. cantidade) / **mais** (pero)

nó (atadura) / **no** (en+o)
nós (ataduras, pronome tónico) / **nos** (en+os, pronome átono)
ó (ao) / **o**
ós (aos) / **os**
óso (do corpo) / **oso** (animal plantígrado)
pé (do corpo) / **pe** (letra)
póla (da árbore) / **pola** (por+a, galiña)
pór (poñer) / **por**
présa (rapidez) / **presa** (prendida, man chea)
sé (lugar) / **se** (pronome e conxunción)
só (sen compañía) / **so** (debaixo de)
té (bebida) / **te** (pronome)
vén (presente vir) / **ven** (presente *ver*, imperativo *vir*)
vés (presente vir) / **ves** (presente *ver*)
vós (pronome tónico) / **vos** (pronome átono)
7.- **Observacións**.
7.1.- As **maiúsculas** levan acento gráfico.
7.2.- Non o levan **os adverbios acabados en -mente, os demostrativos, o numeral *un*, o pronome *el***.
7.3.- Tampouco os **interrogativos e exclamativos**: *Como lle vai? Onde estás?*. Só se acentúan para evitar dobres interpretacións: *dille que queres, dille qué queres*.
7.4.- O pronome posposto ao verbo conta como unha sílaba máis, pero mantense o acento diacrítico: *cóntallo, éme igual, dálle.*

III.- COMA

1.- Separa os elementos dunha enumeración cando non os une unha conxunción: viñeron Ana, Marta e Manuel.
2.- Úsase despois dunha subordinada, cando precede á principal: aínda que chova, sairei dar unha volta
3.- Úsase para separar os vocativos, aposicións...
4.- Úsase coas locucións adverbiais: *pois, é dicir, en fin, finalmente*...
5.- Úsase coas conxuncións adversativas cando introducen oracións curtas.
6.- Úsase nas oracións adxectivas-explicativas, etc.
Non se separan os elementos da oración con comas (suxeito-verbo...). A coma non pode iniciar unha liña.

IV.- PUNTO E COMA

1.- Utilízase en oracións longas cando xa se usou coma e se precisa unha pausa.
2.- Utilízase en oracións longas cando hai unha conxunción adversativa.
O punto e coma ten pouco uso en galego.

V.- GUIÓN

Úsase para partir unha palabra ao final da liña, coas segundas formas do artigo e en certas palabras compostas.
ce-/rra-/llei-/ro, ma-/cha-/da, co-/rrom-/per, al-/gu-/nha (exemplos de separación con guión)

VI.- DIÉRESE

1.- **güe, güi** para indicar que se pronuncia o **u**: *ungüento, antigüidade, lingüista*.
2.- Co **i** na 1ª e 2ª persoas do plural do imperfecto de indicativo/copretérito dos verbos acabados en -aer, -oer, -oir, -uir: *caïamos, doïades, moïamos, saïades, constituïamos, destituïades*.

VII. USO DAS MAIÚSCULAS

1.- Comezo de escrito, despois de punto.
2.- Nomes propios e alcumes.
3.- Formas abreviadas de tratamento: *Dra., Vde*.
4.- Na 1ª palabra do título dunha obra: *Follas novas* (xornais e revistas en todas: *A Nosa Terra*).
5.- Nos substantivos e adxectivos dos nomes de institucións e empresas: *Xunta de Galicia, Adega Cooperativa*.
6.- As siglas escríbense con maiúsculas: *ONU, TVG*.

VIII.- SIGNOS DE INTERROGACIÓN E ADMIRACIÓN

Colócanse só ao final do enunciado (? !). Ao inicio só excepcionalmente.

IX.- SUBSTANTIVO (e adxectivo)

Forma: *lexema* (significado básico) + *morfemas* (xénero e número). Significado: *común/propio* e *concreto/abstracto*.

1.- XÉNERO

1.- Xénero mal usado por influencia do castelán:

1.1.-Masculinos: b*erce, cal, cárcere, costume, couce, cume, cuspe, dote, fel, labor, leite, lume, mel, nariz, riso, sal, sangue, sinal, sorriso, ubre, legume, nomes de letra.*

1.2.-Femininos:

- *cor, dor, orde, orixe, ponte, testemuña, suor, marxe.*
- Palabras acabadas en ***-axe***, menos *paxe, traxe, garaxe, personaxe*.
- Palabras acabadas en ***-se*** (=sis)**,** ***-ite*** (=itis): *análise, farinxite, peritonite*.
- As que comezan por ***á tónico*** non mudan de artigo: *a arte*

OBSERVACIÓN: as ***árbores froiteiras*** teñen o mesmo xénero que a froita, agás *castiñeiro* e *figueira*.

1.3.- Formación do feminino.

O feminino fórmase comunmente co morfema **-a**, que se une directamente ao masculino (*deus, rapaz, avó, só, cru, chinés, burgués*) ou substitúe a vogal final da forma masculina (*sobriño, presidente*). Mais:

1.3.1. **Nomes rematados en -n:**

1.3.1.1.- **-án/-á**: *aldeán, artesán, chan, cidadán, cristián, curmán, irmán, pagán, san, alemán, catalán, afgán*

1.3.1.2.- **-án/-ana**: despectivos: *folgazán, charlatán ….*

1.3.1.3.- **-ón/-oa**: *ladrón (ladra), león, patrón, campión*. Nos aumentativos e despectivos **-ona:** *cabezón, abusón, faltón.*

1.3.1.4.- **-in/-ina**: *bailarín (ruín é invariable)*

1.3.2. **Sufixos especiais**: *barón, duque, abade, poeta, rapaz, galo, actor, emperador, rei, heroe, xudeu, sacerdote, tsar.*

1.3.3. **Palabras diferentes (**heterónimos**)**: *mao, bo, cabalo, xenro, castrón, can, home, macho, frade, padriño, pai, marido, padrasto, compadre, príncipe*.

1.3.4. **Non hai *formas* para o feminino**:

Úsase o artigo: *intérprete, estudante*. Úsase macho/femia para animais: *sapo, pardal, paspallás.*

2.- PLURAL.

2.1.- As palabras rematadas en **vogal, ditongo**: engaden **s**: *lei, i, u, bambú, custo, bocoi.*

2.2.- As palabras rematadas en **-r** e **-z**: engaden **es**: *mar, vez, luz*.

2.3.- As palabras rematadas en **-s** e **–x** (ks):

2.3.1.- As agudas: **+es**: *deus, compás...* Mais: *luns, fax, lux, unisex* son invariables.

2.3.2.- As graves e esdrúxulas son invariables: *choromicas, lapis, martes, oasis, télex, tórax.*

2.4.- As palabras rematadas en **-n**: engaden **s**: *can*

2.5.- As palabras rematadas en **-l**:

-*Monosílabos*: **+es**: *pel, fel, mel, mil, cal, tal, val, xel, ril, sol...*

-*Polisílabos agudos*: **l** por **is**: *mandil, fusil, cadril, bemol, anel, aval, control...* Mais: *eles, aqueles.*

-*Polisílabos graves*: **+es**: *fácil, símil, áxil, túnel, cónsul...*

Mais *-bel: -beis (amábeis)*

2.6.- Os estranxeirismos e cultismos. A maioría engaden **s**: *club, coñac, tic, lord, test*. Algúns engaden **-es**: *húsar, dólar*.

2.6.- Só se usan en plural: *andas, nupcias, exequias, tesoiras.*

X.- COMPARATIVO E SUPERLATIVO (adxectivos)

1.- Grao **positivo:** o significado non está modificado.

2.- Grao **comparativo**:

2.1.- De igualdade: *tan.. coma/como / igual... ca/que/do que*

2.2.- De superioridade: *máis... ca/que/do que*

2.3.- De inferioridade: *menos... ca/que/do que*

bo/mellor, mao-malo/peor, grande/maior-meirande, pequeno/menor

ca e coma son obrigatorios ante un 2º termo da comparación *pronome persoal*. **Ca** non contrae co artigo *ca o* (ou pode contraer *có*)
como e **do que** son obrigatorios ante un 2º termo da comparación *verbo*.

3.- Grao **superlativo**:
3.1.- Relativo: o/a máis-menos... de-entre..
3.2.- Absoluto: **-ísimo**: *altísimo, grandísimo*. *Mais: antiquísimo, fidelísimo, nobilísimo, amabilísimo, celebérrimo, misérrimo, paupérrimo, pulquérrimo*.

XI.- ARTIGO

Artigo (determinado) **: o, a, os, as** (El Rei, El Señor)

As segundas formas **lo, la, los, las** úsanse con **por** e **u**: *polo, u-lo libro?*
Todos os ou *tódolos*, *ambas as* ou *ámbalas*.

Un, unha, uns, unhas: artigo indeterminado

Contraccións:

Por e **tras** contraen co artigo: *polo, tralo, pola, trala...*

	O	**A**	**os**	**as**		**un**	**unha**	**uns**	**unhas**
a	ao (ó)	á	aos (ós)	ás	**con**	cun	cunha	cuns	cunhas
con	co	coa	cos	coas	**de**	dun	dunha	duns	dunhas
de	do	da	dos	das	**en**	nun	nunha	nuns	nunhas
en	no	na	nos	nas					

Exemplos: *veño da Coruña, vou ao Carballiño, saímos antes de os galos cantaren, quéreme máis a min ca a ti, caeulle máis auga á nosa ca á delas*.

XII.- PRONOME PERSOAL

1.- Formas Tónicas:

	Singular	Plural
1ª persoa	**eu**	**nós / nosoutros, -as**
2ª persoa	**ti**	**vós /vosoutros, -as**
3ª persoa	**el, ela**	**eles, elas**

En réxime de preposición**: 1ª min,** Reflexivo**: si**
Prep**.** con**: comigo, contigo, connosco, convosco, consigo**
Cortesía**: vostede, vostedes (**esixen o verbo en 3ª persoa**)**

	El	ela	Eles	elas
de	Del	dela	deles	delas
en	Nel	nela	neles	nelas

2.- Formas Átonas:

	Singular	Plural
1ª persoa	**me**	**nos**
2ª persoa	**te** (comple. directo**)** **che** (comple. indirecto e solidar.)	**vos**
3ª persoa	**o, a/lo, la/no, na** (comp. directo) **lle** (comp.indirecto e solidar.)	**os, as/los, las/nos,nas** (com. dir.) **lles** (compl. indirecto e solidar)

-Reflexivo **3ª persoa : se** Cortesía**: 3ª persoa**
-O **-s** final da 1ª de plural dos verbos pérdese ante o pron. persoal **nos:** *perdémonos, esquecérmonos***.**
-Solidariedade**: che:** atuando a 1**. vos:** atuando a varios**. lle:** de vostede a 1**. lles**: de vostede a varios.

3.- Contraccións:

	O	A	OS	AS
ME	MO	MA	MOS	MAS
CHE	CHO	CHA	CHOS	CHAS
LLE	LLO	LLA	LLOS	LLAS
NOS	NOLO	NOLA	NOLOS	NOLAS
VOS	VOLO	VOLA	VOLOS	VOLAS
LLES	LLELO	LLELA	LLELOS	LLELAS

4.- Colocación do pronome átono na frase:

1.- En oracións subordinadas: antes do verbo

2.- Non subordinadas: despois do verbo. EXCEPTO (vai antes):

2.1.- Oracións desiderativas e enfáticas**.** Para salientar a palabra que precede ao verbo**.**

2.2.- Oracións introducidas por partícula interrogativa/exclamativa**.**

2.3.- Se ao verbo precede un **negativo**

2.4.- " " " : alguén, todos, calquera....

2.5.- " " " : case, ata, disque, mesmo, seica, velaí, aínda, axiña, sempre, só, tamén, ben, cedo, tarde, mal, moito,talvez, quizais, **.....**

3.- Cos infinitivos: se o infinitivo é suxeito, predicado nominal ou aposto, o pronome vai despois. No resto dos casos pode ir antes ou despois, mesmo se pode intercalar entre o inf. e unha preposición/conxunción que o rexe**.**

XIII.- POSESIVO

masculino	***feminino***	***masculino***	***feminino***
meu	**miña**	**meus**	**miñas**
teu	**túa**	**teus**	**túas**
seu	**súa**	**seus**	**súas**
noso	**nosa**	**nosos**	**nosas**
voso	**vosa**	**vosos**	**vosas**
seu	**súa**	**seus**	**súas**
singular	***singular***	***plural***	***plural***

Existe un posesivo de respecto **mi** que acompaña a *madre, padre, tío, señor, amo*...

Observacións:

1.- É obrigatorio o uso de artigo ante adxectivo posesivo (excepto nos vocativos). Cos nomes de parentesco é optativo.

2.- Os de 3ª persoa acompañados de numerais poden indicar cantidade aproximada ou ponderación; *xa ten os seus 20 anos / valerá as súas boas pesetas.*

3.- **De meu, de noso, de teu, de voso, de seu**: propiedade exclusiva ou por si: *teño casa de meu/ a casa caeu de seu.*

4.- **Os meus, os teus....**: a familia

XIV.-DEMOSTRATIVO

MASCULINO	este	ese	aquel	estes	eses	aqueles
FEMININO	esta	esa	aquela	estas	esas	aquelas
	Isto	iso	aquilo			

1.- **estoutro, a, os, as, esoutro, a, os, as, aqueloutro, a, os, as**: úsanse en correlación cun simple sinalando a 2ª cousa dunha serie de 2.

2.- O demostrativo contrae coas preposicións **de, en**: *deste, naquel, niso, daqueloutra, nestoutro...*

XV.-CUANTIFICADORES E IDENTIFICADORES

1.- **Cuantificadores**.

Algún (algunha, algúns, algunhas), alguén, algo, ningún (ningunha, ningúns, ningunhas), ninguén, nada, un (unha, uns, unhas) varios/as, pouco (...), bastante/s, abondo (...), moito (...), ben, demasiado (...), máis, menos, tanto (...), todo (...), cada, ambos/as, entrambos/as.

2.- **Identificadores**.

Outro (...), calquera, quenquera, tal/es, mesmo (...), propio (...), certo (...) determinado (...).

Algún e *outro* contraen coas preposicións *de, en*. *Algo* e *alguén* non contraen.

XVI.- RELATIVO, INTERROGATIVO E EXCLAMATIVO

que, quen (invariables)
cal, cales
canto, a, os, as
cuxo, a, os, as
Ser quen a/de: ser capaz de.

XVII.- NUMERAL

1.- **Cardinais**.

Cero, un/unha, dous/dúas, tres, catro, cinco, seis, sete, oito, nove, dez, once, doce, trece, catorce, quince, dezaseis, dezasete, dezaoito, dezanove, vinte, vinte e un/vinte e unha, vinte e dous/vinte e dúas, trinta, trinta e un, trinta e unha, corenta, cincuenta, sesenta, setenta, oitenta, noventa, cen, cento un, cento unha, douscentos/duascentas, trescentos/as, catrocentos/as, cincocentos/as ou quiñentos/as, seiscentos/as, setecentos/as, oitocentos/as, novecentos/as, mil.

Cento, millón, billón, trillón, ducia, decena, centena, funcionan como substantivos.

2.- **Ordinais**.

Primeiro, segundo, terceiro, cuarto, quinto, sexto, sétimo, oitavo, noveno, décimo, undécimo ou décimo primeiro, duodécimo ou décimo segundo, décimo terceiro, vixésimo, trixésimo, cuadraxésimo, quincuaxésimo, sesaxésimo, septuaxésimo, octoxésimo, nonaxésimo, centésimo, milésimo, millonésimo.

3.- **Multiplicativos**.

Dobre (duplo/a), triplo/a, cuádruplo/a (cuádruplo/a), quíntuplo/a, séxtuplo/a.

4.- **Partitivos**.

Medio/a, terzo/a, cuarto/a, quinto/a, sexto/a, sétimo/a, oitavo/a, noveno/a, décimo/a, onceavo/a, doceavo/a, centésimo/a, milésimo/a, millonésimo/a.

Metade é un substantivo.

XVIII.- ADVERBIO

1.- Adverbios situacionais de **lugar**. **onde? ulo,a,os,as?**
aquí aí alí: repouso, estado
acó .. aló: movemento
acá .. alá: repouso e movemento
acolá: usado moito como 2º termo dunha oposición

dentro / fóra arredor // cerca-preto / lonxe
arriba-enriba-derriba-encima / abaixo-embaixo-debaixo
adiante-diante-/ atrás-detrás en fronte //velaí, velaquí
algures ningures xalundes
Algunhas locucións adverbiais: **a carón, ao pé, á beira, a rente(s), á dereita, á esquerda, a desmán, a contramán..**

2.- Adverbios situacionais de **tempo**. **Cando**?
antano, hogano sempre, decote asemade
antonte/trasantonte (antes de antonte), onte, hoxe, mañá, pasadomañá
antes, noutrora, agora-arestora, despois, outrora
aínda, xa mentres nunca, xamais (endexamais) xacando
antes, entón, logo, daquela, axiña cedo/tarde
arreo, pronto, seguido, sempre
Algunhas locucións adverbiais**: de contado, de camiño, a deshora, ás veces, aos poucos, a cotío, a miúdo, á tardiña, de cando en vez, hoxe en día.**

3.- Adverbios nocionais de **modo. Como**?
-Adxectivos: **alto, baixo, doado, só**...
-Adxectivos co sufixo -*mente*: **comodamente, facilmente, soamente.**
-así, ben, mellor, como, gratis, mal, peor, engorde, paseniño, case, adrede...
Algunhas locucións adverbiais: **á/de presa, de vagar, a modo, a escape, ás carreiras, a eito, a feito, ao chou, ás toas, a treu, de balde, de socato,a mantenta, a tergo, ...**

4.- Adverbios nocionais de **cantidade e precisión**. **Canto**?
abondo, algo, bastante, ben, canto, case, dabondo, demasiado, máis, menos, moito/moi, nada, pouco, só, tanto, xusto.
Algunhas locucións: **a mares, ás mancheas, a encher, a esgalla...**

XIX.-PREPOSICIÓN

1.- **Propias**.- Sempre funcionan como preposición: *a, ante*...
2.- **Impropias**.- Formalmente pertencen a outra categoría gramatical, mais poden funcionar como preposicións: *fóra, segundo, onde*...
3.- **Locucións prepositivas**.- conxunto de palabras que funcionan como unha preposición (a última sempre é unha preposición): *en vez de*...
a, ante/perante, ata/deica, baixo/so, cara, con contra, de, desde/dende/des, en, entre, para, por, sen, sobre, tras
Outras: **agás/bardante/menos/salvo, canda, cas, malia, segundo**
a carón de, ao pé de, a rente(s) de, a poder de, de par de, co gallo de, a/en prol de, por mor de, verbo de, alén de, encol de, en troques de, cabo de, en fronte de, no canto de ...

XX.- VERBO

Uso do infinitivo persoal/conxugado/flexionado.

Unha das características do galego-portugués é a de posuír un infinitivo flexionado que é portador dun morfema de persoa.

Debe usarse:

Sempre que o infinitivo vaia introducido por unha preposición (e non forma parte de perífrase verbal).

Ao saírdes pechade a porta
Despois de entrarmos acendermos a radio
etc.

1.2.- Non pode usarse:

Cando ten o mesmo suxeito que o verbo antecedente do que depende ou nas perífrases verbais.
Queremos cantar xa.
Non podedes falar mal dos amigos.

	ANDAR	COMER	PARTIR	SER	ESTAR
presente indicativo	ando andas anda andamos andades andan	como comes come comemos comedes comen	parto partes parte partimos partides parten	son es é somos sodes son	estou estás está estamos estades están
pret. imperfecto ou **copretérito** indicativo	andaba andabas andaba andabamos andabades andaban	comía comías comía comiamos comiades comían	partía partías partía partiamos partiades partían	era eras era eramos erades eran	estaba estabas estaba estabamos estabades estaban
pret. perfecto indicativo	andei andaches andou andamos andastes andaron	comín comiches comeu comemos comestes comeron	partín partiches partiu partimos partistes partiron	fun fuches foi fomos fostes foron	estiven estiveches estivo estivemos estivestes estiveron
pret. pluscuamperfecto ou **antepretérito** indicativo	andara andaras andara andaramos andarades andaran	comera comeras comera comeramos comerades comeran	partira partiras partira partiramos partirades partiran	fora foras fora foramos forades foran	estivera estiveras estivera estiveramos estiverades estiveran
futuro indicativo	andarei andarás andará andaremos andaredes andarán	comerei comerás comerá comeremos comeredes comerán	partirei partirás partirá partiremos partiredes partirán	serei serás será seremos seredes serán	estarei estarás estará estaremos estaredes estarán
condicional ou **pospretérito**	andaría andarías andaría andariamos andariades andarían	comería comerías comería comeriamos comeriades comerían	partiría partirías partiría partiriamos partiriades partirían	sería serías sería seriamos seriades serían	estaría estarías estaría estariamos estariades estarían
presente subxuntivo	ande andes ande andemos andedes anden	coma comas coma comamos comades coman	parta partas parta partamos partades partan	sexa sexas sexa sexamos sexades sexan	estea esteas estea esteamos esteades estean
pretérito subxuntivo	andase andases andase andásemos andásedes andasen	comese comeses comese comésemos comésedes comesen	partise partises partise partísemos partísedes partisen	fose foses fose fósemos fósedes fosen	estivese estiveses estivese estivésemos estivésedes estivesen
imperativo	anda andade	come comede	parte partide	sé sede	está estade
infinitivo conxugado	andar andares andar andarmos andardes andaren	comer comeres comer comermos comerdes comeren	partir partires partir partirmos partirdes partiren	ser seres ser sermos serdes seren	estar estares estar estarmos estardes estaren
xerundio	andando	comendo	partindo	sendo	estando
participio	andado	comido	partido	sido	estado

	DAR	VER	VIR	IR	TER
presente indicativo	dou dás dá damos dades dan	vexo ves ve vemos vedes ven	veño vés vén vimos vides/vindes veñen	vou vas vai imos ides van	teño tes ten temos tedes/tendes teñen
pret. imperfecto ou **copretérito** indicativo	daba dabas daba dabamos dabades daban	vía vías vía viamos viades vían	viña viñas viña viñamos viñades viñan	ía ías ía iamos iades ían	tiña tiñas tiña tiñamos tiñades tiñan
pret. perfecto indicativo	dei deches deu demos destes deron	vin viches viu vimos vistes viron	vin viñeches veu viñemos viñestes viñeron	fun fuches foi fomos fostes foron	tiven tiveches tivo tivemos tivestes tiveron
pret. pluscuamperfecto ou **antepretérito** indicativo	dera deras dera deramos derades deran	vira viras vira viramos virades viran	viñera viñeras viñera viñeramos viñerades viñeran	fora foras fora foramos forades foran	tivera tiveras tivera tiveramos tiverades tiveran
futuro indicativo	darei darás dará daremos daredes darán	verei verás verá veremos veredes verán	virei virás virá viremos viredes virán	irei irás irá iremos iredes irán	terei terás terá teremos teredes terán
condicional ou **pospretérito**	daría darías daría dariamos dariades darían	vería verías vería veriamos veriades verían	viría virías viría viriamos viriades virían	iría irías iría iriamos iriades irían	tería terías tería teriamos teriades terían
presente subxuntivo	dea deas dea deamos deades dean	vexa vexas vexa vexamos vexades vexan	veña veñas veña veñamos veñades veñan	vaia vaias vaia vaiamos vaiades vaian	teña teñas teña teñamos teñades teñan
pretérito subxuntivo	dese deses dese désemos désedes desen	vise vises vise vísemos vísedes visen	viñese viñeses viñese viñésemos viñésedes viñesen	fose foses fose fósemos fósedes fosen	tivese tiveses tivese tivésemos tivésedes tivesen
imperativo	dá dade	ve vede	ven vide/vinde	vai ide	ten tede
infinitivo conxugado	dar dares dar darmos dardes daren	ver veres ver vermos verdes veren	vir vires vir virmos virdes viren	ir ires ir irmos irdes iren	ter teres ter termos terdes teren
xerundio	dando	vendo	vindo	indo	tendo
participio	dado	visto	vido	ido	tido

	QUERER	FACER	DICIR	SABER
presente indicativo	quero queres quere queremos queredes queren	fago fas fai facemos facedes fan	digo dis di dicimos dicides din	sei sabes sabe sabemos sabedes saben
pret. imperfecto ou **copretérito** indicativo	quería querías quería queriamos queriades querían	facía facías facía faciamos faciades facían	dicía dicías dicía diciamos diciades dicían	sabía sabías sabía sabiamos sabiades sabían
pret. perfecto indicativo	quixen quixeches quixo quixemos quixestes quixeron	fixen fixeches fixo fixemos fixestes fixeron	dixen dixeches dixo dixemos dixestes dixeron	souben soubeches soubo soubemos soubestes souberon
pret. pluscuamperfecto ou **antepretérito** indicativo	quixera quixeras quixera quixeramos quixerades quixeran	fixera fixeras fixera fixeramos fixerades fixeran	dixera dixeras dixera dixeramos dixerades dixeran	soubera souberas soubera souberamos souberades souberan
futuro indicativo	quererei quererás quererá quereremos quereredes quererán	farei farás fará faremos faredes farán	direi dirás dirá diremos diredes dirán	saberei saberás saberá saberemos saberedes saberán
condicional ou **pospretérito**	querería quererías querería quereriamos quereriades quererían	faría farías faría fariamos fariades farían	diría dirías diría diriamos diriades dirían	sabería saberías sabería saberiamos saberiades saberían
presente subxuntivo	queira queiras queira queiramos queirades queiran	faga fagas faga fagamos fagades fagan	diga digas diga digamos digades digan	saiba saibas saiba saibamos saibades saiban
pretérito subxuntivo	quixese quixeses quixese quixésemos quixésedes quixesen	fixese fixeses fixese fixésemos fixésedes fixesen	dixese dixeses dixese dixésemos dixésedes dixesen	soubese soubeses soubese soubésemos soubésedes soubesen
imperativo	quere querede	fai facede	di dicide	sabe sabede
infinitivo conxugado	querer quereres querer querermos quererdes quereren	facer faceres facer facermos facerdes faceren	dicir dicires dicir dicirmos dicirdes diciren	saber saberes saber sabermos saberdes saberen
xerundio	querendo	facendo	dicindo	sabendo
participio	querido	feito	dito	sabido

A COMUNICACIÓN

Dicimos que se produce un acto de comunicación cando se intercambia algún tipo de información entre dúas ou máis persoas, sen reparar nos medios utilizados.

ELEMENTOS DA COMUNICACIÓN



EMISOR: Produce a mensaxe e envíaa
RECEPTOR: Recibe a mensaxe e interprétaa.
CÓDIGO: Conxunto de signos e regras que o emisor e o receptor coñecen e que serven para codificar e descodificar a mensaxe.
MENSAXE: Enunciado enviado polo emisor e recibido polo receptor.
CANLE: Medio físico por onde circula a mensaxe.
RUÍDO: Calquera interferencia que, afectando a calquera dos demais elementos, produce o fracaso do acto de comunicación.

As distintas ilustracións que aparecen, representan distintos actos de comunicación utilizados polos seres humanos, tratade de identificar os elementos propios de cada caso: **emisor/a, receptor/a, mensaxe, código e canle.**



O conxunto de signos utilizados nun sistema de comunicación forma o seu **código**.

Cada unha das linguas existentes no mundo, forma un código verbal, o idioma propio dunha comunidade de falantes.

A linguaxe é unha capacidade propia só das persoas e ten como base a palabra.

OS XÉNEROS LITERARIOS: NARRATIVO, DRAMÁTICO E LÍRICO.

1. A necesidade que o ser humano ten de contar as historias propias ou alleas deu orixe **á narración.** A narración é un dos xéneros literarios máis destacados, caracterízase por ter un narrador que conta uns feitos que lles suceden a uns personaxes nun espazo e nun tempo determinados.
Podemos atopar varias formas de narración: **novelas, relatos ou contos, fábulas, lendas**.
En todas elas, para que haxa narración, e non só unha descrición de accións, ten que se producir un **conflito** entre os personaxes que os obriga a resolvelo, xerando unha nova situación, o que constitúe o **nó ou desenvolvemento** da historia e unha resolución final ou **desenlace**.
Elementos da narración:

- Narrador, que é a persoa que explica a historia.
- Os personaxes, que son os que participan na historia.
- Lugar, é dicir, en que sitio ou sitios acontecen os feitos.
- Tempo, canto dura a narración (minutos, horas, días, etc.), e tamén en que momento concreto acontecen os feitos.
- Os feitos son as accións ou os acontecementos que suceden

2. Os **textos dramáticos** tamén contan historias. Os personaxes directamente cos seus diálogos van representando as tramas da peza teatral.

O teatro é un xénero literario en que uns actores e unhas actrices representan as obras diante dun público.
O texto é a base da obra teatral. Está formado polos diálogos e as anotacións.
Existen tres subxéneros teatrais importantes: a traxedia, a comedia e o drama.

Nas anotacións figura todo o relativo á **escena:** os decorados, o momento do día no que se desenvolve a acción.
Os personaxes van caracterizados pola idade, vestiario, aspecto, acenos.
O movemento dos actores e actrices tamén axuda a entender o argumento.



3. O **xénero literario poético** permítelle ao escritor expresar con versos a súa mensaxe, que pode ser explicar unha historia ou ben expresar os seus sentimentos. Pódese distinguir entre:

- **Poesía épica**, á que pertencen as obras en verso que explican proezas de heroes. Nela mestúranse elementos fantásticos con sucesos reais.
- **Poesía lírica**, en que se inclúen as obras en que o poeta expresa sentimentos.

Posúe un carácter moito máis íntimo, predominando o valor polisémico e connotativo da lingua.
O ritmo e **a rima** son dous elementos importantes na poesía.
-O ritmo dun poema consíguese coa repetición de sons e palabras, coas pausas, cos acentos...
-A rima consiste na igualdade dos fonemas situados despois da última vogal acentuada do verso.
Chámaselle **consoante** cando se repiten as vogais e as consoantes e **asonante** cando se repiten só as vogais.
A aliteración, a anáfora e o paralelismo son recursos da poesía e trátase de distintos tipos de repetición de sons nun ou varios versos.
Tipos de poemas: hai dúas clases de poemas: os estróficos, que presentan os versos agrupados en estrofas, e os non estróficos, en que os versos se suceden sen formaren estrofas.
O **soneto** é un poema estrófico de versos hendecasílabos formado por dous cuartetos que teñen a mesma rima e dous tercetos que poden variala.
O **romance** é un poema non estrófico formado por unha serie indefinida de versos octosílabos con rima asonante nos pares. Os versos impares quedan sen rima, polo que se chaman versos soltos.

4.**O cómic** é un medio narrativo que conta as historias utilizando a imaxe e a palabra. A narración organízase en **viñetas**, **tiras** e **secuencias** conforme ao tempo transcorrido. O autor elixe os momentos esenciais da historia elidindo todo aquelo que o lector pode imaxinar. A elipse narrativa permite contar historias complexas resaltando só os momentos importantes.

O **encadre** permite achegarnos ou afastarnos dos personaxes dando orixe ao tipo de plano.
O texto debe ser menos importante que as imaxes e aparece nos globos. As voces en off aparecen nas viñetas como texto de apoio.
As **liñas cinéticas** sinalan as traxectorias dos obxectos ou das persoas e representan o movemento.
As **onomatopeas** representan o ruídos propios da escena axudan moito na súa comprensión.